

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN

15786 *Real decreto 1220/2010, do 1 de outubro, polo que se crea o Observatorio Universitario de Bolsas, Axudas ao Estudo e Rendemento Académico.*

As bolsas e axudas garanten a igualdade de oportunidades no acceso á educación, así como a cohesión social e territorial. O noso país está a facer un grande esforzo en materia de bolsas e axudas, pero resulta necesario seguir avanzando, mediante o deseño dun novo modelo de bolsas e axudas que garanta mellor a cohesión social e a igualdade de oportunidades, e que estableza novas modalidades, actualice os limiares de renda, favoreza a flexibilidade, fomente a mobilidade internacional e nacional dos estudantes e a aprendizaxe de idiomas, favoreza o acceso aos recursos ás persoas con discapacidade e elimine as ineficiencias e insuficiencias do modelo actual.

No ámbito da educación superior, o novo modelo de bolsas e axudas débese adecuar ao Espazo Europeo de Educación Superior e á exigencia de maior dedicación do alumnado á súa formación. Entre as prioridades do Goberno e dos responsables autonómicos da educación superior universitaria están a equidade do sistema de bolsas e axudas universitarias e a integración destas políticas coa estrutura de prezos, o rendemento académico dos estudantes e a eficiencia e a eficacia das propias institucións, en especial das públicas, no desenvolvemento das funcións que teñen encomendadas. A equidade, a eficiencia e a eficacia das universidades están directamente relacionadas coas políticas sociais no acceso e continuación dos estudos universitarios, así como coas políticas de prezos, o marco de financiamento universitario e as políticas de rendición de contas e transparencia informativa.

Esta preocupación subxace na disposición adicional vixésimo segunda da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, que modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, que encomenda expresamente ao Goberno, logo de acordo da Conferencia Xeral de Política Universitaria e do Consello de Universidades, a creación dun Observatorio de Bolsas e Axudas ao Estudo, «que elaborará estatísticas e informes que contribúan a mellorar a eficiencia e transparencia do sistema de bolsas e axudas universitarias» e en cuxo funcionamento deberá contar coa participación dos axentes sociais e dos estudantes.

A posta en marcha deste observatorio constitúe unha medida recollida no Plan de Acción 2010-2011, presentado o 25 de xuño de 2010 ao Consello de Ministros, e co cal o Ministerio de Educación pretende orientar toda a súa actividade á consecución dos obxectivos da educación para a década 2010-2020, ao redor dos cales se suscitou un amplo consenso político e social.

O Observatorio configúrase como un órgano colexiado en que participan non só representantes dos axentes sociais e dos estudantes, como exige a norma legal, senón tamén das comunidades autónomas e das universidades, co obxecto de integrar nun mesmo foro todos os intereses afectados pola política de bolsas e axudas ao estudo.

O Observatorio será un órgano de asesoramento ao cal corresponderá estudar e analizar os resultados dos programas de bolsas e axudas ao estudo universitario, co obxecto de contribuír á mellora da equidade, a eficiencia, a eficacia e a transparencia do sistema universitario español. A información que proporcione o Observatorio mellorará a eficacia do proceso de toma de decisións das universidades, das comunidades autónomas e da Administración xeral do Estado, pero tamén contribuirá a que o colectivo de estudantes coñeza o esforzo económico do Goberno de España no ámbito das bolsas e axudas ao estudo, así como nas melloras das modalidades e limiares e na comunicación dos resultados.

Para o desenvolvemento das funcións que se lle encomendan sen xerar novas estruturas administrativas nin incrementar custos, o Observatorio recorrerá ás estruturas administrativas actualmente existentes no Ministerio de Educación. Así, a Subdirección Xeral de Análise, Estudos e Prospectiva Universitaria actuará como unidade técnica do Observatorio e proporcionarlle o apoio e a asistencia que precise, tal e como prevé o número 2.º da alínea a) do artigo 5.3 do Real decreto 1086/2009, do 3 de xullo, polo que se modifica e desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Educación.

Na tramitación deste real decreto solicitouse o informe do Consello de Universidades e da Conferencia Xeral de Política Universitaria, así como do Ministerio de Política Territorial, e consultáronse os axentes sociais, económicos e de representación dos estudantes universitarios.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, coa aprobación previa da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros do día 1 de outubro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Creación, natureza e obxecto.*

1. Créase o Observatorio Universitario de Bolsas, Axudas ao Estudo e Rendemento Académico, en diante Observatorio Universitario, como un órgano consultivo adscrito á Secretaría Xeral de Universidades do Ministerio de Educación.

2. O Observatorio Universitario é un órgano colexiado formado por representantes do Consello de Universidades, da Conferencia Xeral de Política Universitaria, dos axentes sociais e económicos, dos consellos sociais das universidades e dos estudantes.

3. De conformidade co establecido na disposición adicional vixésimo segunda da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, que modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, ao Observatorio Universitario correspóndelle asesorar e informar sobre o sistema de bolsas e axudas universitarias e o rendemento académico, mediante a elaboración de estatísticas, indicadores e informes que contribúan a mellorar a eficacia e a transparencia do dito sistema, sen prexuízo das funcións que o Real decreto 1086/2009, do 3 de xullo, polo que se modifica e desenvolve a estrutura orgánica do Ministerio de Educación, lle atribúe á Oficina de Estatística. Para iso contará coa información que se lle proporcionará desde o ministerio e que sexa necesaria para o desenvolvemento das súas funcións, tendo sempre presente o principio de cooperación territorial e colaboración universitaria. Neste marco, constitúe un dos seus principais obxectivos informar anualmente sobre o desenvolvemento da política social de bolsas e axudas ao estudo universitario, achegando a todas as institucións e aos representantes dos grupos políticos no Congreso e no Senado a información necesaria para deducir obxectivamente e con datos homoxéneos os resultados das políticas universitarias nestes ámbitos.

Artigo 2. *Funcións.*

De acordo co seu obxecto, as funcións do Observatorio Universitario serán:

a) Actuar como órgano de asesoramento verbo do desenvolvemento de todos os programas de bolsas e axudas aos estudos de grao, máster e doutoramento, tanto se se realizan directamente desde a Administración xeral do Estado como se se desenvolven mediante programas das comunidades autónomas ou das universidades. Para o desenvolvemento desta función xeral, entre outras medidas, elaborará estatísticas e informes que colaboren á eficacia e transparencia dos programas de bolsas.

b) Facilitar información sobre as bolsas e axudas ao estudo tanto de orixe pública da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas e das universidades como sobre aquelas que puidesen xurdir de iniciativas privadas. Para iso, as unidades xestoras das bolsas e axudas facilitarán á Unidade Técnica os datos que esta requira para o

desenvolvemento da dita información a través dos mecanismos de colaboración coas comunidades autónomas que se consideren oportunos.

c) Analizar os resultados anuais dos programas de axudas ao estudo universitario e dar a coñecer os obxectivos alcanzados.

d) Solicitar información, a través dos mecanismos de colaboración coas comunidades autónomas que se considere oportuno, acerca do cumprimento do calendario de convocatorias.

e) Incentivar o desenvolvemento dun sistema normalizado e integrado de información establecido a través dos mecanismos de colaboración coas comunidades autónomas que se considere oportuno e que, coordinado pola Secretaría Xeral de Universidades, permita compartir datos entre o ministerio, as comunidades autónomas, as universidades e as entidades privadas e organizacións nacionais e internacionais que concedan bolsas e axudas ao estudo.

f) Analizar a relación entre o sistema de bolsas e axudas ao estudo e o rendemento académico dos estudantes universitarios e, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas na materia, propor medidas de mellora. Para iso contará cos datos e indicadores que lle proporcione a súa Unidade Técnica.

g) Avaliar a equidade, a eficiencia e a eficacia con que o sistema universitario español desenvolve as súas funcións e, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas na materia, propor medidas de progreso e mellora. Para iso contará cos datos e indicadores que lle proporcione a súa Unidade Técnica.

h) Promover mecanismos de colaboración coas comunidades autónomas para a mellora da rendición de contas e a transparencia da súa información.

i) Promover a elaboración de informes que axuden á toma de decisións, no ámbito destas funcións, no Congreso, no Senado e nos órganos colexiados previstos pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, que modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

j) Actuar de foro de encontro entre as estruturas orgánicas de representación e a sociedade en ámbitos de bolsas, axudas ao estudo e rendemento académico e rendición de contas.

k) Realizar cantas outras funcións lle sexan encomendadas.

Artigo 3. *Composición.*

1. O Observatorio Universitario terá a seguinte composición:

Presidencia: o ministro ou a ministra de Educación.

Vicepresidencia primeira: a persoa titular da Secretaría Xeral de Universidades.

Vicepresidencia segunda: elixiraa o Pleno do Observatorio entre os vogais correspondentes aos diferentes ámbitos de representación previstos nas alíneas a), b), c) e d), por quenda rotatoria na orde establecida.

Vogais:

a) Tres designados polo Consello de Universidades entre os reitores e reitoras.

b) Tres designados pola Conferencia Xeral de Política Universitaria.

c) Tres estudantes universitarios designados polo Consello de Estudantes Universitario do Estado.

d) Catro designados polas organizacións sindicais e empresariais e dous designados polos consellos sociais das universidades.

e) Tres designados polo presidente do Observatorio, entre o persoal adscrito á Secretaría Xeral de Universidades, con rango mínimo de subdirector xeral.

Secretariado permanente: o/a subdirector/a xeral de Análise, Estudos e Prospectiva Universitaria.

2. Os nomeamentos dos vogais propostos nos diferentes ámbitos de representación serán efectuados polo ministro ou ministra de Educación.

3. Na designación dos membros do Observatorio Universitario deberá procurarse o respecto do principio de presenza equilibrada de mulleres e homes.

Artigo 4. *Funcionamento.*

1. O Observatorio funcionará en pleno, en comisión delegada e en comisións de traballo.

2. O Pleno estará composto pola totalidade dos membros do Observatorio e renovarase cada dous anos. Os vogais poderán prorrogar a súa representación por un novo período de dous anos.

3. Correspóndelle ao Pleno o exercicio das funcións previstas no artigo 2 deste real decreto.

4. Correspóndelle ao Pleno a presentación e aprobación, por maioría cualificada de 2/3 dos seus membros, do regulamento de funcionamento do Observatorio Universitario. Para que a aprobación teña validez, de entre os votos a favor haberá, polo menos, un de cada un dos cinco ámbitos de representación previstos no artigo anterior.

5. O Pleno reunirse, polo menos, dúas veces ao ano en sesión ordinaria e tantas veces como sexa convocado polo presidente de forma extraordinaria.

6. As convocatorias extraordinarias serán realizadas polo presidente sempre que sexan solicitadas, polo menos, por 10 vogais.

7. A Comisión Delegada estará integrada polos seguintes membros:

O vicepresidente primeiro, que actuará como presidente. En casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, será substituído polo vicepresidente segundo.

Cinco vogais designados por acordo do Pleno, un de cada un dos ámbitos de representación previstos nas alíneas a), b), c), d) e e) do artigo 3.1 deste real decreto.

O secretario permanente, que actuará como secretario.

8. Correspóndelle á Comisión Delegada a preparación das reunións do pleno, actuar como Consello de Edición dos informes e memorias, así como o desenvolvemento das actividades que expresamente lle sexan encomendadas polo Pleno.

9. O Pleno do Observatorio Universitario, por proposta do seu presidente, poderá constituír comisións de traballo, cuxo número non será, en ningún caso, superior a catro. Estas comisións estarán compostas por un máximo de dez membros, dos cales, polo menos, a metade máis un serán vogais do Pleno e de forma que estean representados cada un dos cinco ámbitos de representación previstos nas alíneas a), b), c), d) e e) do artigo 3.1 deste real decreto. As comisións serán presididas polo vicepresidente primeiro e o seu secretario será o secretario permanente. Sen prexuízo das comisións que se poidan crear, existirán, polo menos, dúas comisións de seguimento:

- a) Comisión de Eficiencia, Eficacia e Rendición de Contas.
- b) Comisión de Bolsas, Axudas ao Estudo e Rendemento Académico.

Artigo 5. *Funcións da Presidencia do Observatorio Universitario.*

Corresponden á Presidencia as seguintes funcións:

- a) Exercer a representación do Observatorio Universitario.
- b) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias do Pleno, oída a Comisión Delegada, e fixar a orde do día.
- c) Presidir as reunións e dirixir e moderar o seu desenvolvemento.
- d) Visar as actas e as certificacións dos acordos e as recomendacións adoptadas.
- e) Delegar a presidencia do Pleno nun dos vicepresidentes.
- f) Nomear, oído o Pleno, os membros das comisións de traballo.
- g) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de presidente do Observatorio Universitario.

Artigo 6. *Funcións das vicepresidencias do Observatorio Universitario.*

1. Corresponden á vicepresidencia primeira as seguintes funcións:
 - a) Substituír o presidente en caso de vacante, ausencia ou enfermidade.
 - b) Presidir a Comisión Delegada e convocar e establecer a orde do día.
 - c) Presidir as comisións de seguimento de Eficiencia, Eficacia e Rendición de Contas e de Bolsas e Axudas ao Estudo Universitario e Rendemento Académico.
 - d) Exercer a representación nas comisións que presida.
 - e) Dirixir e moderar o desenvolvemento das sesións.
 - f) Cantas funcións lle sexan delegadas polo presidente.
2. Corresponden á vicepresidencia segunda as seguintes funcións:
 - a) Substituír o vicepresidente primeiro en caso de vacante, ausencia ou enfermidade na presidencia das comisións de traballo.
 - b) Cantas funcións lle sexan encomendadas polo presidente.

Artigo 7. *Funcións do Secretariado Permanente do Observatorio Universitario.*

1. Corresponden ao Secretariado Permanente as seguintes funcións:
 - a) Asistir ás reunións do Pleno, da Comisión Delegada e das comisións de traballo, con voz pero sen voto.
 - b) Convocar as sesións do Pleno e das comisións por orde do presidente.
 - c) Preparar as reunións do Observatorio Universitario e presentar a documentación necesaria.
 - d) Elaborar as actas das sesións e custodialas.
 - e) Recoller, procesar, estruturar e elaborar toda a información necesaria para o desenvolvemento das funcións encomendadas ao Observatorio Universitario.
 - f) Promover e desenvolver todas as operacións estatísticas que sexan necesarias para o desenvolvemento das funcións encomendadas ao Observatorio Universitario, sen prexuízo das funcións que o Real decreto 1086/2009, do 3 de xullo, polo que se modifica e desenvolve a estrutura orgánica do Ministerio de Educación, atribúe á Oficina de Estatística e das estatísticas xa elaboradas neste ámbito pola dita unidade.
 - g) Expedir, co visto e praxe da Presidencia, certificacións dos acordos e recomendacións adoptados.
 - h) Constituír os grupos técnicos de traballo que sexan necesarios para o desenvolvemento da metodoloxía e o caderno técnico de definicións dos indicadores universitarios.
 - i) Coordinar as comisións e os grupos técnicos de traballo que se constitúan desde o Observatorio Universitario.
 - j) Recibir, verificar e tramitar a correspondencia do Observatorio Universitario, que se centralizará na sede deste e a nome da Presidencia.
 - k) Realizar cantas outras funcións lle sexan encomendadas.

2. Para o exercicio das súas funcións, o secretario permanente do Consello contará co soporte dunha unidade técnica integrada por persoal da Subdirección Xeral de Análise, Estudos e Prospectiva Universitaria.

Artigo 8. *Comisión de Eficiencia, Eficacia e Rendición de Contas.*

1. Serán funcións da Comisión de Eficiencia, Eficacia e Rendición de Contas:
 - a) Realizar as recomendacións e impulsar os acordos que sexan necesarios para a mellora da eficiencia e da eficacia, así como a rendición de contas, do sistema universitario español en todos os seus ámbitos de desenvolvemento.
 - b) Promover as medidas que sexan necesarias para a rendición de contas e a boa gobernanza universitaria como liñas principais da Estratexia universidade 2015.

c) Incentivar, promover e garantir o desenvolvemento de sistemas homoxéneos de medición.

d) Fomentar e incentivar o desenvolvemento dun sistema integrado de información no ministerio que facilite a recolla da información que necesitará a Unidade Técnica do Observatorio Universitario para desenvolver as súas funcións.

e) Realizar cantas outras funcións lle sexan encomendadas.

2. Composición: a dita comisión estará composta polos membros previstos no artigo 4.9 deste real decreto.

Artigo 9. *Comisión de Bolsas e Axudas ao Estudo e Rendemento Académico.*

1. Serán funcións da Comisión de Bolsas e Axudas ao Estudo e Rendemento Académico:

a) Buscar fórmulas que permitan axilizar o procedemento de xestión das bolsas e axudas ao estudo.

b) Promover e incentivar a creación dun censo con información relevante de todas as bolsas e axudas universitarias. O censo será revisado anualmente.

c) Promover a posta á disposición dos estudantes dun sistema de información áxil e actualizada que permita coñecer en tempo real os estudos que pode cursar en cada universidade e as bolsas e axudas públicas con que pode contar para o desenvolvemento deses estudos.

d) Realizar as recomendacións e impulsar os acordos que sexan necesarios para a mellora do sistema de bolsas e axudas ao estudo.

e) Promover a realización de estudos que analicen o rendemento académico, as súas causas e a súa relación coa política de bolsas e axudas ao estudo.

f) Realizar as recomendacións que sexan necesarias, en canto á política de bolsas e axudas ao estudo, para mellorar o rendemento académico.

g) Fomentar e incentivar o desenvolvemento dun sistema integrado de información no ministerio que facilite a recolla da información que necesitará a Unidade Técnica do Observatorio Universitario para desenvolver as súas funcións.

h) Realizar cantas outras funcións lle sexan encomendadas.

2. Composición: a dita comisión estará composta polos membros previstos no artigo 4.9 deste real decreto.

Artigo 10. *Sede.*

A sede do Observatorio Universitario fíxase no Ministerio de Educación, sen prexuízo de que se poidan realizar reunións noutros lugares do territorio nacional. Tal circunstancia expresárase nas convocatorias.

Disposición adicional única. *Gastos de funcionamento.*

O Ministerio de Educación atenderá, con cargo ao seu orzamento ordinario, os gastos de funcionamento, persoais e materiais deste órgano. A dotación de persoal á Unidade Técnica e á Secretaría Permanente do Observatorio Universitario será realizada desde a Subdirección Xeral de Análise, Estudos e Prospectiva Universitaria. Non se solicitará para o seu funcionamento nin incremento de postos de traballo nin de retribucións.

Disposición transitoria única. *Sobre a representación dos estudantes.*

Ata que se constituía o Consello de Estudantes Universitario do Estado a que se refire o artigo 3.1.c) deste real decreto, os estudantes estarán representados no Observatorio Universitario a través de tres estudantes designados polo Consello de Universidades por proposta das organizacións estudiantís máis representativas.

Disposición derradeira primeira. *Réxime xurídico.*

Sen prexuízo das peculiaridades previstas neste real decreto, o funcionamento do Observatorio Universitario axustarase ao disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como ao previsto no capítulo IV do título II da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento normativo.*

Autorízase o ministro de Educación para ditar as normas e adoptar as medidas necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de outubro de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación,
ÁNGEL GABILONDO PUJOL